



## Concello de Xermade

### MEMORIA DA ALCALDÍA EXPLICATIVA DO CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2024 E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACIÓNS CO VIXENTE

#### I.- INTRODUCCIÓN

A presente memoria fórmulaa o Sr. Alcalde de acordo co ordenado polo artigo 168.1.a) do actual Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 18.1.a) do Decreto 500/1990.

Na estrutura do proxecto do Orzamento municipal para o exercicio económico do 2024, que o Alcalde que subscribe eleva ao Concello en Pleno en cumprimento das disposicións vixentes, tivéronse en contas as seguintes normas ou directrices:

Faise unha desagregación das aplicacións orzamentarias, a nivel de programa de gasto e a nivel concepto na clasificación económica (aínda que a vinculación a efectos de bolsa quede en capítulo) que permiten un maior control e coñecemento do gasto efectivamente realizado en cada unha das áreas de actividade do Concello, de acordo coa orde de 3 de decembro de 2008, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, na súa modificación pola Orden HAP/419/2014 de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008 de 3 de decembro.

O orzamento xeral do Concello de Xermade para o exercicio 2024 está integrado polos seguintes documentos:

#### LIBRO I. DOCUMENTOS DO ORZAMENTO:

1. Estados de gastos e ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución do orzamento.

#### LIBRO II. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA:

3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico-financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda.
8. Anexo de convenios.
9. Anexo de beneficios fiscais.
10. Liquidación do exercicio 2022.

## Concello de Xermade





## Concello de Xermade

### A) ESTADO DE GASTOS:

Na seguinte táboa podemos apreciar as variacións do proxecto de orzamento de gastos do exercicio 2024 respecto do exercicio 2023:

	2023	2024	Variación absoluta	Variación porcentual%
<b>Capítulo 1</b>	462119,87 €	471435,04 €	9315,169	1,975
<b>Capítulo 2</b>	1342222,3	1421563,13	79340,829	5,581
<b>Capítulo 3</b>	1000	1175	175	14,893
<b>Capítulo 4</b>	52690,9	70319,69	17628,79	25,069
<b>Capítulo 5</b>	0	0	0	0
<b>Capítulo 6</b>	41131,08	50485,92	9354,84	18,529
<b>Capítulo 7</b>	53492,8	28672,6	-24820,2	-86,564
<b>Capítulo 8</b>	0	0	0	0
<b>Capítulo 9</b>	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>1952656,95</b>	<b>2043651,38</b>	<b>90994,429</b>	<b>4,452</b>

#### **Capítulo 1: Gastos de persoal.**

Contempla o gastos do persoal que se sinala de seguido:

**a) Cargos electos:** Contémplanse as dedicacións parciais da Alcaldía e concellería delegada, consonte ao acordo plenario da sesión extraordinaria de organización celebrada o día 26 de xuño de 2023, e tamén se contemplan as asignacións acordadas por asistencias a órganos colexiados, dietas e locomoción recollidas no capítulo 2.

**b) Persoal da Entidade Local:** As retribucións do persoal son as contempladas na Relación de Postos de Traballo que entrou en vigor o 01/01/2021 (BOP 26/12/2020), coa modificación núm. 1 que entrou en vigor o 01/01/2023, que implica un incremento de 9.315,17 euros.

As retribucións foron actualizadas en virtude do Acordo Marco para unha Administración do século XXI asinado en outubro de 2022 polo Goberno estatal e os sindicatos maioritarios, CC.OO. e UXT, que contempla un incremento retributivo durante o período 2022-2024.

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

Para 2024 ese Acordo Marco prevé un incremento retributivo do 2% sobre a base das retribucións a 31/12/2023, á que pode engadirse un 0,5% adicional en función do IPCA, como aconteceu en outubro do 2023.

No Capítulo 1 dótase crédito para facer fronte ao longo do 2024 ao incremento retributivo do 2,5% indicado.

### *a) Persoal funcionario:*

Posto de Secretaria-Intervención: dótase a praza segundo as retribucións consolidadas no 2023 para o grupo A1, en cumprimento do disposto no RD 833/2003 que clasifica as prazas de Secretaria-Intervención. Tense en conta o grao consolidado (nivel 28) da titular da praza, D<sup>a</sup>. María Cristina Varela García.

O resto dos funcionarios dótanse segundo o seu grupo, segundo as retribucións consolidadas no 2023.

O complemento específico dos funcionarios dótase conforme á Relación de Postos de traballo, coa modificación núm. 1 que entrou en vigor o 01/01/2023.

Dótase unha masa global máxima destinada a incentivar o rendemento coa produtividade do persoal de servizos xerais por importe de 5.500,00€, para atender en concepto de produtividade o especial rendemento actividade e dedicación extraordinaria e interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, sendo o Pleno o órgano competente para aproba lo seu montante total e o Alcalde para distribuílo segundo dispón o artigo 5.6 do RD 861/1986, de retribucións dos funcionarios de Administración Local.

Respecto das gratificacións, con carácter excepcional retribuirán servizos extraordinarios prestados fora da xornada normal de traballo sen que en ningún caso podan ser fixas na contía nin periódicas no seu devengo. Recóllese a gratificación aprobada polo Pleno para a funcionaria que desempeña as funcións de tesoureira (1.200 euros anuais).

### *b) Persoal laboral temporal:*

O orzamento, igual que o anterior, deixa aberta partidas de gastos con previsións para a contratación de persoal laboral temporal para os programas de cooperación, ou outros doutra índole esperando obter financiamento da Xunta de Galicia (Aprol rural e perceptores de Risga), para a contratación deste persoal vía subvención corrente. Prevese a achega municipal correspondente a retribucións e seguros sociais do persoal contratado con cargo a Aprol Rural 2023 e Risga 2023, sendo incorporable o remanente do crédito xerado no 2022 con motivo da concesión destas axudas.

O financiamento dos custes laborais e de seguridade social previstos no Orzamento realizarase con cargo a fondos propios afectados, dotándose unha achega municipal para cubrir os custes non subvencionados e esixibles por convenios colectivos.

---

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

### *c) Persoal funcionario interino:*

O persoal subvencionado polo Plan Único 2023, que en breve estará en proceso de selección, terá carácter de funcionario interino por execución de proxectos, sendo financiado ao 100% (salarios e custes sociais) pola Deputación.

Os tres postos de persoal funcionario interino cubertos na actualidade (técnico de urbanismo, medio ambiente e obras e operarios de servizos múltiples) tamén se orzamentan, sendo parcialmente financiados con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2024 como gastos de funcionamento, por importe de 30.000 euros.

### **Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servizos.**

Neste capítulo dotanse os créditos que, segundo as necesidades dos distintos servizos (xerais, sociais, educativos, sanitarios, etc.), se prevén para o exercicio económico, atendidos os producidos no ano 2023 (obrigas recoñecidas), e dentro das posibilidades económicas de esta Entidade, sen esquecer que un grande número de gastos que o Concello en principio afronta con recursos propios poden verse respaldados por algunha subvención non prevista nos ingresos.

O orzamento de gasto corrente en bens e servizos aumenta lixeiramente en importe global e o aumento en relación co consignado no ano anterior (79.430,83 euros respecto ao 2023) responde ao incremento estimado do prezo hora do Servizo de Axuda no Fogar no último cuadrimestre de 2024 (de 14,50€ a 19,00€ a hora), o que supón un incremento de 85.628,40 euros máis que o orzamentado no 2023.

Esta previsión de incremento vai ser afrontada exclusivamente polas arcas municipais, dado que a Xunta de Galicia en 2024 vai achegar 12,00 euros/hora para o SAF dependencia e os usuarios manteñen a contía de 2023 en concepto de copagamento. O Concello de Xermade achegará un total de 84.179,62 euros para o Servizo de Axuda no Fogar nas súas dúas modalidades de SAF básico e SAF dependencia, fronte aos 22.269,22 euros que achegou no exercicio 2023.

A fin de evitar un incremento maior no capítulo 2, foron axustándose os gastos correntes que se axustaron en función do gastado no exercicio 2022 e no que levamos de exercicio 2023.

Consignáronse os créditos necesarios para atender en cada área de gasto, que son os que seguen para orzamento de gastos:

- 13 Seguridade e mobilidade cidadán.
- 15. Vivenda e urbanismo.
- 16. Benestar comunitario.

---

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

- 17. Medio ambiente.
- 23. Servizos sociais.
- 24. Fomento do emprego.
- 31. Sanidade.
- 32. Educación
- 33. Cultura.
- 34. Deporte.
- 41. Agricultura, gandería e pesca.
- 43. Comercio, turismo e pequenas e medianas empresas.
- 45. Infraestruturas
- 91. Órganos de goberno.
- 92. Servizos de carácter xeral.
- 93. Administración financeira e tributaria.
- 94. Transferencias a outras administracións públicas.

Os custes de arrendamentos de mobiliario e enseres, reparación mantemento, e conservación de edificios e outras construcións, camiños, bens naturais e equipamentos para procesos de información, material de oficina, subministracións, comunicacións, transportes, primas de seguros, tributos, taxas e gastos diversos (canons, atencións protocolarias, publicidade propaganda , gastos xurídicos, festexos organizados polo Concello) así como traballos realizados por outras empresas, e indemnizacións por razón do servizo (dietas, locomoción e outras indemnizacións....), quedan orzamentados nas diferentes aplicacións orzamentarias.

### **Capítulos 3 e 9:**

No capítulo 3 consígnase 1.175,00 euros para sufragar os gastos financeiros correspondentes a comisións bancarias.

Non se prevé concertar ningunha operación de tesouraría para atender necesidades puntuais de liquidez, dada a posibilidade de solicitar o anticipo do Plan Único da Deputación, que supón unha inxección de liquidez de vital importancia para concellos como o noso.

No capítulo 9 non se prevén gastos, dada a amortización da única operación de préstamo concertada por esta Entidade, co BCL (préstamo nº 10049500042130170) no exercicio 2018.

Neste exercicio non se prevé inicialmente apelación a crédito en principio como forma de financiamento, a curto prazo, se ben é de destacar que existe un equilibrio en termos de orzamentación entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza.

---

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

Na medida en que o ingreso é igual que o gasto, hai capacidade de financiamento, o que se traduce en que non existiría problema para acudir ó endebedamento, cumprindo os Principios xerais da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

### **Capítulo 4: Transferencias correntes:**

Consígnanse créditos no **Capítulo 4.º**, dentro das nosas posibilidades orzamentarias, para a concesión de axudas e subvencións ao longo deste exercicio.

Co obxecto de prever a concesión de subvencións e axudas económicas, que podan outorgarse ó longo do exercicio en base a Ordenanza Xeral de Subvencións e ao Plan Estratéxico 2024-2026 do Concello de Xermade recóllense para o seu outorgamento, previos os trámites sinalados na Lei 38/2003 Lei Xeral de Subvencións.

A contía do capítulo 4 aumenta notablemente respecto ao 2023, pasando dos 52.690,90 euros aos 70.32,79 euros, o que supón un incremento do 33,36%.

Dótanse, na mesma contía que no ano anterior, as seguintes axudas:

a) Concorrenza competitiva: contéplanse subvencións para actividades das asociacións de veciños (20.865,00 euros), para as festas e tradicións populares que se celebran no municipio e premios (3.368,79€), e por nacementos (7.200,00€), ademais das axudas de emerxencia social (3.000,00€).

b) Subvencións nominativas: contéplanse axudas aos equipos deportivos, coa UNED sénior (2.000,00€); para a asociación Educando en familia (3.000,00€) e para a Invernada de Cine de Cabreiros.

Outro ano máis recóllese o premio "Xermade na historia", dotado con 3.000,00 euros.

Recóllese o importe do convenio en vigor para a recollida de animais abandonados, por importe de 3.000,00 euros.

### **Capítulo 5: Fondo de Continxencia**

Recole os créditos para a atención de necesidades imprevistas, inaprazables e non discrecionais que xurdan ao largo do exercicio, para as que non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente.

Non obstante, a criterio da Intervención, o incremento do 2,5% previsto para o 2024 no Acordo Marco para unha Administración do século XXI asinado en outubro de 2022 orzamentouse directamente no Capítulo 1 de Gastos.





## Concello de Xermade

---

### **Capítulo 6: Investimentos Reais**

Dotáronse nas correspondentes cantidades do Cap. 6.º para poder afrontar a execución das obras, correspondéndose co anexo de investimentos, destacando que:

1º. Prevemos tamén a achega municipal para investimentos do Plan Único 2024 (15.325,20 euros) e do Plan de Camiños de Agader (13.336,60 euros), ao tratarse de axudas que se veñen concedendo todos os anos.

2º. Non prevemos en gastos nin en ingresos o importe que nos corresponde polo Fondo de Compensación Ambiental 2024, na liña de concorrencia non competitiva, para gastos de investimento.

3º. Incrementábase respecto ao 2023 a dotación para investimentos en abastecemento e depuración de augas (pasa de 6.000 a 9.000 euros), a efectos de continuar coa mellora do servizo, consonte ao previsto no Plan de minimización e perdas de auga aprobado en 2023.

4º. Prevese a achega municipal de 4.077,78 euros para a anualidade 2024 do investimento "Obras de mellora do pavillón polideportivo e pista deportiva de Xermade" financiado nun 80% pola Xunta de Galicia.

O importe deste capítulo incrementábase en 9.354,84 euros respecto ao consignado en 2023, o que supón un 18,53% máis. Trátase dun esforzo notable en materia de investimentos, que debe analizarse xunto coa achega á obra da depuradora do Campo da Feira en Momán, que está executando a Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Nembargantes, o grande investimento que se iniciará no 2024 é a rehabilitación da reitoral de Xermade, financiada ao 100% polo Instituto de Transición Xusta, cun orzamento de 403.000,00 euros.

### **Capítulo 7. Transferencias de capital.**

Prevese a achega do Concello de Xermade á depuradora do Campo da Feira, en Momán, por importe de 28.672,70 euros, consonte á segunda addenda ao convenio aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de data 18/10/2023.





## Concello de Xermade

### B) ESTADO DE INGRESOS

Na seguinte táboa podemos apreciar as variacións do proxecto de orzamento de gastos do exercicio 2024 respecto do exercicio 2023:

	2023	2024	Variación absoluta	Variación porcentual %
Capítulo 1	486344,52	504873,08	18528,56	3,669
Capítulo 2	16320,23	21000	4679,77	22,284
Capítulo 3	308427,29	310425,6	1998,31	0,643
Capítulo 4	1139956,91	1207352,7	67395,79	5,582
Capítulo 5	1608	0	-1608	100,00
Capítulo 6	0	0	0	0
Capítulo 7	0	0	0	0
Capítulo 8	0	0	0	0
Capítulo 9	0	0	0	0
<b>Total</b>	<b>1952656,95</b>	<b>2043651,38</b>	<b>90994,43</b>	<b>4,452</b>

**1. Recursos ordinarios (capítulos 1 ao 5):** foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base as Ordenanzas en vigor e convenios contemplados nestas, a participación nos tributos do Estado, así como os recursos que legalmente corresponde percibir cuxa liquidación se prevé durante o exercicio, en atención aos dereitos recoñecidos no ano 2022 e aos padróns aprobados no 2023.

**Capítulo 1:** Imposto sobre Bens Inmóveis, Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e Imposto sobre Actividades Económicas. Faise previsión de ingresos tendo en conta Ordenanzas vixentes e partindo dunha orzamentación sobre a base dos dereitos recoñecidos no 2022, así como dos anticipos que dará a Deputación Provincial de Lugo, Servizo de recadación a conta da liquidación definitiva e os incrementos previsibles explicados máis abaixo. Aparece dotada a cantidade prevista polos BICES xunto co IBI urbana, e a partida do IAE inclúe unha aproximación ao recadado no 2022, por enriba dos ingresos procedentes de Deputación Provincial, debido ás liquidacións por compensación de IAE. O IVTM faise a previsión sobre o recadado pola Deputación Provincial.

**Capítulo 2:** Neste capítulo 2 de ingresos, constituído unicamente polo Imposto sobre construcións, instalacións e obras, dótase unha cantidade inferior aos dereitos recoñecidos no

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027







## Concello de Xermade

---

2022, dado que o ICIO é un ingreso moi difícil de presupostar, xa que pode variar moito dun ano a outro.

**Capítulo 3:** Hai que destacar neste capítulo que se dotan as partidas correspondentes á taxa por lixo e augas segundo as previsións de ingresos derivadas da modificación de ambas ordenanzas fiscais, e a de expedición de licenzas en función dos dereitos recoñecidos no 2018-2019. Mantense a previsión de Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola mesma comparativa. Inclúese unha partida pola previsión da ordenanza da taxa de enganche a sumidoiros.

O prezo público por prestación dos servizos de axuda no fogar dótase segundo os datos do informe dos servizos sociais de data 01/11/2023 e os dereitos liquidados no 2022.

**Capítulo 4:** Neste capítulo recóllense a participación nos ingresos do Estado, así como o Fondo de Cooperación Local: O incremento débese basicamente ao aumento da achega da Xunta ao SAF dependencia, consonte ao convenio asinado coa Fegamp polo cal a achega será de 12,00 euros a hora, segundo as previsións da traballadora social.

Recóllense transferencias partindo das seguintes previsións;

420 Participación nos Tributos do Estado, segundo a participación mensual recoñecida e liquidacións exercicios anteriores. Neste exercicio dotase unha estimación dos ingresos en función da liquidación definitiva do exercicio 2022 e da previsión de 2023.

450. Xunta de Galicia Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia: segundo as entregas a conta neste 2023 e os dereitos liquidados no 2022.

450. para Centro Saúde, tendo en conta os gastos remitidos do exercicio 2018.

450. Subvención Plan Concertado, segundo os dereitos liquidados no 2022.

450. Subvención gastos correntes xulgado paz, segundo a subvención concedida no ano anterior.

450. Subvención para gastos de funcionamento financiada con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental, liña de concorrencia non competitiva, ano 2024: 30.000 euros.

461 De entidades locais outras transferencias (Deputación Provincial de Lugo): só se prevén 23.403,58 euros do Plan Único 2024 para o SAF.

**Capítulo 5:** non se prevén ingresos, dado que o aluguer pola Casa da Mestra pasa a cobrarse como taxa por utilización privativa do dominio público.

## 2. Recursos de capital:

**Capítulo 6:** Non se prevé ningún ingreso por este capítulo.

---

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

**Capítulo 7:** Non se prevé ningún ingreso por este capítulo..

**Capítulos 8 e 9 Activos e Pasivos Financeiros:**

No presente exercicio económico en principio non se prevén Ingresos por estes conceptos destacando respecto o Capítulo 9 a non previsión de novas operacións de crédito a longo prazo como fonte de financiamento do estado de gastos.

Polo tanto, existe un equilibrio en termos orzamentarios entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza.

Conseguentemente, infírese que as principais modificacións que presenta o Estado de Ingresos, en relación co Orzamento do exercicio anterior, son as que, en resumen, se expresaron anteriormente.

### **C) MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO**

Para a realización de obras, servizos, investimentos en xeral, ou gastos ordinarios, etc. non contemplados neste Orzamento, ou para os que fosen insuficientes os créditos asignados nas correspondentes partidas, tramitaranse os pertinentes expedientes de modificación de créditos con cargo ao Remanente de Tesourería non comprometido do ano 2022, de ser positivo, tendo en conta que non se agarda que no 2024 se prorrogue a suspensión das regras fiscais.

As modificacións de crédito que poidan formularse deberán ter en conta a posible contemplación no estado de gastos e ingresos a eses efectos, e de estar recollidas realizarase polas diferencias que puidera haber se as achegas son maiores ás previstas, e de ser menores limitarse o gasto ao recibido, evitando un incremento ficticio do Estado de Gastos e Ingresos.

Non se deberán executar gastos que dependesen de financiamento afectado sen ter compromiso asinado ao respecto, quedando limitado a aquel o gasto executable, a no ser que se obteñan maiores ingresos sobre os previstos ou algunha outra fonte de financiamento propio.

En conclusión, preséntase, para a súa aprobación polo Pleno da Corporación, un orzamento equilibrado, fundamentado nunha racionalización dos gastos correntes, no incremento dos gastos de mantemento dos bens e infraestruturas municipais, na mellora e incremento da prestación dos servizos municipais, e na prudencia e realismo en canto á previsión de ingresos.

---

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

---

Esta Alcaldía considera que este orzamento que se presenta é un instrumento eficaz para a mellora da prestación de servizos municipais que a veciñanza do noso municipio demanda.

En Xermade, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Roberto García Pernas

